

NOTA DE PRENSA

Un grupo de investigación da USC resalta os efectos negativos do eucalipto sobre as zonas con recursos hídricos

Os traballos realizados conclúen que na época estival diminúe o nivel das augas subterráneas

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2009 (Vía Láctea Comunicación).- Un grupo de investigación da USC coordinado polo profesor **Francisco Díaz-Fierros**, e en colaboración con grupos da Universidade de Vigo e de A Coruña, leva 12 anos realizando investigacións sobre a influencia dos eucaliptos na auga. En concreto, os estudos estruturáronse en tres proxectos competitivos e un subvencionado polo Ministerio de Medio Ambiente.

Segundo o seu coordinador, as indagacións, que se realizan nunha cunca preto de Mesón do Vento, céntranse en **“analizar con moito detalle todos os aspectos e parámetros dos recursos hídricos que se poden ver afectados polo eucalipto”**. Esta investigación trátase dun dos estudos de maior duración en España respecto a este tema. **“O que queremos é analizar os efectos que provocan os eucaliptos durante todo o seu ciclo de vida”**, asegura Díaz-Fierros. Por iso, a investigación comezou aos nove meses de plantar as árbores e rematará dentro de tres anos, momento no cal os eucaliptos cumprirán quince anos.

A investigación, que estuda os efectos tanto en augas superficiais como subterráneas a través de grandes aparellos como unha torreta meteorolóxica, conclúe que **“o eucalipto afecta notablemente aos recursos hídricos”**. Así, as augas subterráneas baixan de nivel sobre todo nas épocas de estiaxe. Ademais, as superficiais tamén se ven moi afectadas, posto que o caudal dun río diminúe nun 60% no verán por mor dos eucaliptos. O profesor Díaz-Fierros sinala que **“se se observan os datos a escala global do ano non se aprecian estes efectos, xa que no inverno, ao chover tanto, sobra auga; pero durante o verán nótase moito a influencia negativa, de tal forma que máis dun ano chegouse a secar o río”**.

En canto á necesidade de protección do eucalipto ou non, o coordinador do proxecto afirma que **“é necesario protexela xa que é unha especie que medra**



Centro de Innovación e Transferencia de
Tecnoloxía

Edificio CACTUS – Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
<http://imaisd.usc.es>

moito e produce moitísima madeira, sen esquecer que consume moito dióxido de carbono". Ademais, hoxe en día **"é innegable o interese económico que ten esta especie para as madeiras"**, manifesta o profesor. Aínda así, defende que hai que ter en conta as súas contrapartidas, que son xustamente os efectos negativos sobre os recursos hídricos e o que isto pode provocar en outras especies. **"Pode haber árbores que ao ter unha raíz moi curta, non cheguen ben á auga se están preto dun eucaliptal, e por iso acabarán por verse comprometidas"**, comenta Díaz-Fierros.

Así e todo, para o profesor da Facultade de Farmacia da USC, **"nós só nos encargamos de dar os datos, logo son outros os que teñen que decidir que facer cos eucaliptos"**. Na súa opinión, todas as posibles actuacións dependen da zona onde se atopan e dos recursos hídricos que esta posúe, xa que se hai pouca auga e son moitos os eucaliptos, esgotaranse moi cedo, non sendo así se hai un gran nivel destes recursos. **"Todas as cousas teñen os seus pros e os seus contras e mesmo cada arbore pode ter o seu sitio"**, conclúe.

Prensa CITT: 981 55 44 07